

CASTELAO EN CUBA

XOSE NEIRA VILAS

Presencia

O ano 1938, cumprindo unha misión cultural encomendada polo goberno da República Española, que presidía Juan Negrín, Castelao levou a cabo unha xeira internacional que, de primeiras, incluía a Unión Soviética e os Estados Unidos.

Atopábase en Nova Iork cando recibeu unha invitación pra ir a Cuba. Isto alegrouno moito e contestou deseguida, aceptando. Os poucos días estaba na Illa. Mandou por adiantado un afervoado saúdo-mensaxe, manuscrito, que se publicou na prensa habaneira.

Acompañado pola súa dona, Virxinia, e por Luis Soto, chegou á Habana o día 11 de novembro dese ano. Tiveran un recibimento multitudinario. A pouco de chegaren sairon pra Santiago de Cuba. Alí comenzou un ronsel de actividades públicas que se repetirían día a día ó longo e ó ancho de todo o país. Había unha intensa programación que Castelao cumpriu rigurosamente. Todo foi orgaizado pola Casa da Cultura, institución que agrupaba a varias entidades republicanas.

Castelao falou en parques, teatros, prazas, campos deportivos, case a razón de un discurso por día. escoitábano e aplaudíano milleiros de persoas que logo saían en manifestación dando vivas á República e pedindo armas pra defendela. Atopou o Mestre cunha rotunda solidariedade coa causa que el representaba. Foi dunha cidade noutra e de pobo en pobo, deténdose nos bateis das fábricas de azucre, entrando nos montes onde había carboeiros, leñadores e cafetaleiros galegos. Camiñou polos campos, rubeuse ás carretas dos canavais...

En veces, mentras Soto falaba, a xeito de introducción, Castelao improvisaba un dibuxo que logo era subastado entre os presentes. Ocupábanse desto os membros da Casa da Cultura. Non estaba prevista recaudación algunha, pero comenzaron a chegar donacións cuio importe foi destinado ás organizacións que atendían na Península os nenos orfos da guerra. Esa práctica repetíase en todas as provincias. Por eso, cando o acto se celebraba nun teatro ou nun estadio, cobrábanse uns centavos, unha entrada simbólica. Eran tempos moi difíciles en Cuba. Con todo, os sindicatos e outras asociacións donaban o que podían e acaso máis do que podían, en diñeiro ou en especie (habanos, tabaco en rama, café, azucre, latas de aceite, cerveza, roupa, etc. etc.). Todo o que se recibía en especie era logo vendido pra convertilo en efectivo. Pero, ademáis, estaban as donacións espontáneas. Despois de que falaba Castelao explicando o desenrolo da guerra, o desangramento do pobo na resistencia, achegábonselle homes e mulleres que se

fan desprendendo de obxectos diversos: zapatos, anelos, medallas de ouro, reloxios; e déronse casos de obreiros que lle puxeron nas maos o sobre enteiro co xorne semanal que viñan de cobrar.

Todo aquilo conmoveu fondamente a Daniel. Levouno a un maior apegamento popular e chegou a decidir que Cuba tiña reservado un destino trascendente e que o seu pobo protagonizaría grandes cambios históricos. As súas palabras resultaron proféticas: exactamente vinte anos despois trunfou a Revolución.

Castelao tiña mentes de estar en Cuba uns corenta días e quedouse tres meses e meio, nos que non tivo acougo. Logo dunha intensa xeira, vultou á Habana pra tomar parte na campaña electoral do Centro Galego, en apoio do partido democrático Hermandad Gallega. Esta campaña levaba como fondo o tráxico enfrentamento que se desenrolaba na Península, e as actuacións de Castelao tiñan como base ideolóxica a democracia. Falou en parques e prazas; orgaizou un "mitin das arengas" con 25 participantes; andivo nun coche descuberto polas rúas céntricas da Habana, alentando ós socios do Centro pra que votasen pola Hermandad; conversou con grupos de votantes, no Parque Central, oito ou dez horas arreo, o día das eleccións. Tal foi a carraxe que esto espertou na directiva oficialista, que se tramou un atentado contra a súa vida. Como complemento, publicou exhortacións, unha sátira en verso e doce fermosos dibuxos no periódico "Hoy".

As eleccións celebráronse o día primeiro de xaneiro de 1939. Pouco despois Castelao, con Virxinia e Soto, emprendía unha segunda xeira por cidades e pobos que non visitara na anterior. De novo as multitudes, os xestos solidarios, os encontros con agrupacións culturais, políticas, sociais. En Manzanillo a banda municipal vai tocando rúas adiante pra anunciar a visita; en Santa Cruz del Sur chegan a pé, dende a manigua, ducias de leñadores galegos, cos machados ó lombo, pra escoitar a aquel paisano ilustre; en Pina cesa toda actividade, e o pobo enteiro agarda a Castelao na estación ferroviaria; os carboeiros galegos de Jigiey entréganlle todo canto diñeiro tiñan en efectivo; en Zaza del Medio déronlle a benvida cincocentos homes a cabalo... Logo sería enumerar feitos que documentan a fervorosa acollida dispensada na Illa ó "Apóstol de Galicia", como lle chamaban nalgúns xornais. Abondaría con este dato: nun mítin celebrado nos xardíns da cervexaría habaneira La Polar, había máis de trinta mil persoas. Terían de pasar vinte anos, tería que trunfar a Revolución, pra que en Cuba se repetisen aqueles grandes movementos de masas.

Castelao estivo en Cuba até o 25 de febreiro de 1939. Aqueles cento seis días constituiron sin dúbida a etapa de máis intenso e de variado facer da súa vida. Somentes na segunda xeira, fixo un desplazamento de máis de mil kilómetros (en tren, camiión, autobús, lancha, carro de bois, a cabalo e a pé), e, en vinte e catro días pronunciou vintetrés discursos. A primeira saída tivera un extensión e unha dinámica moi semellantes. E entre unha e outra: a campaña electoral do Centro Galego, unha fermosa conferencia sobre Valle Inclán na Hispano Cubana de Cultrura, unha exposición, un acto da Sociedad de Escritores na Universidade da Habana... E moitos dibuxos: a serie de Dibuxos de Negros, os da campaña a favor da Hermandad, os que subastaban nos mítins, etcétera.

Para Castelao foi unha experiencia única o contacto coas xentes de Cuba. Así o manifestaría logo en cartas dende Buenos Aires. Cando deixa a Habana declara que se sente moi satisfeito da súa labor na Illa, e que está moi conmovido pola solidariedade de activa do pobo cubano. Promete que voltará a ese país entrañable. E cumpre. No outono de 1945, concurre á reunión das Cortes Españolas que se celebra en México, retorna pola Habana, onde pasa uns poucos días. Nun discurso memorable alude ó proverbio árabe que aconsella non volver ó lugar onde temos sido felices, pero que el sente grande alegría por atoparse de novo en terra cubana. Recordaba aquelas xornadas de sete anos antes. Estaba certamente emocionado. Cuba seguía no seu corazón.

Son moitos os contactos e relacións de Castelao no seu periplo cubano. Non somentes coas organizacións republicanas e coa prensa e cos pintores e escritores progresistas. Co sabio Don Fernando Ortiz, asiste a rituais africanos; é recibido na Gran Loxia Masónica; participa, con un fermoso discurso, nunha asemblea nacional do Partido Comunista; concurre a unha representación de "Mariana Pineda", de García Lorca; invítano as directivas de varias Sociedades Negras, onde se pronuncia contra das discriminacións raciais; toma parte nun acto no que se recorda ó periodista cubano Pablo de la Torriente, morto na trincheira republicana... Entre os moitos homenaxes que se lle adican, destacan dous: o dos galegos e o dos traballadores cubanos. A colectividade galega ofreceulle un banquete, no que había máis de tres mil emigrantes, ós que chamou "irmáns todos na sorte e na disgracia". Outro banquete foille ofrecido polos delegados do movemento obreiro de todo o país, os cales atopábanse na Habana pra tomar parte nun congreso nacional de traballadores. Nun vibrante discurso, Castelao refireuse á loita de clases e ó papel protagónico dos obreiros no combate pola xusticia social.

Arredor da presenza de Castelao en Cuba publicáronse ducias de artigos, algúns de plumas ilustres: Nicolás Guillén, Juan Marinello, Luis Amado Blanco, Rafael Marquina, Arturo Jaén... Os seus dibuxos dos álbumes sobre a guerra foron amplamente reproducidos na prensa. A súa figura interpretada por artistas plásticos cubanos: Portell, Fontanillas, David, Walfrido... A Cuba Sono Film fixo un documental e foi probablemente, a primeira vez que a figura de Castelao é levada ó cine. Sobre a súa andaina cubana lévanse recollido 227 reseñas na prensa da Illa, e 13 máis, en 1950, dando noticia do seu pasamento.

A Casa da Cultura recaudou en donacións espontáneas, durante aquelas semáns, a cantidade insólita de trinte mil pesos (equivalentes a trinta mil dólares) que foron rigurosamente entregados ás organizacións republicanas.

Castelao en Cuba, hoxe

A figura de Castelao sigue evocándose en Cuba, nesta etapa de sistemática pescuda histórica e de revalorizacións dos feitos. Ofrecemos algúns datos: O Instituto de Literatura e Lingüística da Academia de Ciencias montou varias exposicións de homenaxe ó Mestre, a saber: Exposición Bibliográfica, activa e pasiva (xaneiro de 1969); Exposición de dibuxos (xaneiro de 1974); Presencia cubana na

obra de Castelao (xaneiro de 1975). A revista *Islas*, da Universidade Central adí-calle un traballo especial, ilustrado con moitos dos seus dibuxos de guerra. O 23 de xullo de 1975 inaugúrase a Sala Experimental de Arte "Castelao", cunha conferencia sobre Castelao en América. O 14 de agosto de 1971, o Taller Dramático "Valle Inclán" estrenou, en castelán, *Os vellos non debe de namorarse*. Ese día cumplíanse exactamente trinta anos do estreno mundial desta farsa en Buenos Aires. A obra foi levada ós campamentos cañeiros, bateyes e pobos de toda a largacía provincia de Camagüey durante unha zafra azucareira, e vírona moitos milleiros de persoas. Pode afirmarse, categóricamente, que foi en Cuba onde máis se representou e onde máis numerosa e variada audiencia tivo esta peza. A figura de Castelao foi dibuxada, en retratos e caricaturas, en anos recentes, por artistas cubanos de hoxe: Feijóo, Delarra, Posada. Finalmente, a editorial da Unión Nacional de Escritores e Artistas de Cuba, UNEAC, ten en proceso de edición o libro titulado: *Los días cubanos de Alfonso Castelao*.

Coda

Castelao foi, inequívocamente, un home comprometido co seu pobo. Un home do seu tempo. (Un tempo que, en boa medida, é tamén o noso, o de hoxe). Tal compromiso asumeuno de por vida e de xeito múltiple: dibuxando, escribindo, actuando como político... Todo o seu facer tivo un soio destino: denunciar as inxusticias para acadar a liberación do home. Non foi un santón, nin un esteta de torres de marfil, nin un inxenuo simplemente ben intencionado. Foi un home lúcido que puxo conscentemente todo o seu esforzo ó servizo do pobo galego; que subordinou os meios expresivos de que dispoñía, todo o seu xenio creador, e ese único e vitalicio comprometimento. Negar isto sería como negalo a el, pois a súa obra está ben á vista.

Pero hai máis: cando as circunstancias o requeriron, loitou -con toda a forza e con toda a eficacia do seu arte- en favor do destino de outros homes e de outros pobos, cuia causa enxergou con claridade. Foi un home aberta e cordialmente solidario, porque era un demócrata, no sentido máis noble desta palabra. Alguén dixo que non pode haber democracia sin liberdade, nin esta existe se non hai solidariedade. E temos de repetir: Castelao foi un home esencialmente solidario. A súa exemplar actuación en Cuba demóstrao de modo categórico.